



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 2 /2006.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Emilio López Pérez

VOGAIS:

D. Javier Bruña García

Dna. Lorena Otero López

D. Xosé Manuel Fernández Varela

D. Manuel Veiga Franco

SECRETARIA:

Dna. Ana Manuela Belinchón Jiménez

Representantes da comunidade:

D. José Penas Sánchez

Non asiste D. Jesús Ratón González

Na cidade de Lugo, o día vintese de xuño de dous mil sete, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 2/2006 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **FARO DE LAXE**, no concello de **CHANTADA**, iniciado por acordo do Xurado do 28 de xuño de 2006, sendo vocal instructor **D. JAVIER BRUÑA GARCÍA**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instructor (coa data do 10 de outubro de 2006), iniciouse o expediente número **2/2006 (por instancia de D. José Penas Sánchez)**, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 11 de outubro de 2006, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 11 de outubro de 2006, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Chantada**, os documentos seguintes:



1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 19 de outubro de 2006, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, na que se fai constar que o monte **FARO DE LAXE**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

QUINTO: Coa data do 20 de novembro de 2006, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Chantada, na que se fai constar que figuran inscritos nese rexistro (folios 27 e 29 do libro 169 de Chantada, tomo 490), os seguintes predios:

- Predio 17.404: Rústica.- Monte destinado a pastos e leñas, denominado FARO II, no sitio de Laxe e Mouricios, cunha superficie de 165 ha. Linda, polo norte, con regato de Gordón e monte reservado aos veciños de Mouricios; polo sur, con camiño de Penasillas á Ermida do Faro; polo leste con camiño de Penasillas ou Mouricios, e polo oeste, con monte consorciado e repoboado FARO, pertencente ao concello.
- Predio 17.405: Rústica.- Monte denominado FARO III, no sitio de Laxe e Mouricios, cunha superficie de 90 ha. Linda polo norte, con monte consorciado e repoboado Faro, propiedade do concello e rego de Bugadiñas; polo sur, con mais monte da parroquia de Esmoriz e curva de nivel de 900 metros; polo leste, curva de nivel de 900 metros, e polo oeste, termo municipal de Carballedo e monte FARO repoboado.
- Os predios descritos aparecen inscritos a favor do Concello de Chantada, como comunal, estando consorciado co Patrimonio Forestal do Estado, segundo resulta de certificación expedida o 12 de agosto de 1961 polo secretario do concello.
- Que as anteriores inscricións están vixentes na actualidade e sen contradición algunha.

SEXTO: Coa data do 26 de xaneiro de 2007, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 26 de xaneiro de 2007, comunicóuselle ao concello do **CHANTADA** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

OITAVO: Coa data do 26 de xaneiro de 2007, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Chantada, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

NOVENO: Coa data do 26 de xaneiro de 2007, comunicóuselle a iniciación do expediente a **DON JOSÉ PENAS SÁNCHEZ** como solicitante da clasificación.

DÉCIMO: Coa data do 29 de xaneiro de 2007, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que



puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 2 de marzo de 2007, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 44 , páxina 3.213, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **FARO DE LAXE**.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 16 de abril de 2007, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **SAN XOÁN DE LAXE**, no concello de **Chantada**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **FARO DE LAXE**, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 18 de abril de 2007, tivo entrada certificación do concello de Chantada, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 30 de abril de 2007, recibíuse comunicación da comunidade de veciños de **SAN XOÁN DE LAXE**, concello de **CHANTADA**, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DON JOSÉ PENAS SÁNCHEZ**
- **DON JESÚS RATÓN GONZÁLEZ**

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 2 de maio de 2007, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Chantada, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (letra A, predio 31.784, libro 262 do concello de Chantada , folio 52, tomo do arquivo 760).

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu ningunha alegación en contra da clasificación do monte como veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes e Industrias Forestais. Atendendo pois, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **FARO DE LAXE**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:



Nome: **FARO DE LAXE**
Pertenza: **veciños da parroquia de SAN XOAN DE LAXE**
Concello: **CHANTADA.**
Superficie: **12,50 hectáreas.**

Estremas:

Norte: monte veciñal en man común de Mouricios e pista forestal.

Sur: monte non clasificado de Vilanova e Penasillas.

Leste: monte non clasificado de Vilanova e Penasillas, e predios particulares dos veciños de Mouricios e Laxe.

Oeste: monte veciñal en man común dos veciños de Mouricios e pista forestal.

The image shows several handwritten signatures and stamps. On the left, there is a circular stamp in light blue ink with illegible text around the perimeter. Below it is a signature in black ink. To the right of this is a signature in purple ink. Further right is a signature in blue ink. At the bottom right, there is another signature in blue ink. The signatures are stylized and cursive.



48

CARPETA DEL MONTE:

“FARO DE LAXE”

COMUNIDAD PROPIETARIA:

VECINOS DE SAN XOAN DE LAXE

TÉRMINO MUNICIPAL:

CHANTADA

2006

2.SITUACIÓN, ORIENTACIÓN, PENDIENTE Y ACCESOS

La parcela a clasificar tienen una altitud comprendida entre 910 y 935 metros sobre el nivel del mar, con orientación preferentemente oeste. La pendiente oscila entre el 5% y 10%.

A la parcela se puede acceder por la carretera de Chantada a Lalin, desviarnos en dirección a la hermita de Faro y coger la desviación a Requeixo y Laxe. Otra zona para acceder es a través de la misma carretera de Chantada a Lalin, desviándose en el alto de Faro. No obstante, el monte tiene buenos accesos y en el estado actual son fácilmente recorridos en sus perímetros. Además tienen pistas o caminos que permitan el acceso por el interior.

3.SUPERFICIES

La superficie total del monte "Faro de Laxe "es de 12,50 ha, que se reparte en una única parcela . .

TOTAL12,50 ha

4 LÍMITES Y PERÍMETROS

Son los que a continuación se detallan:

Norte: Monte vecinal en mano común de Mouricios y pista forestal

Sur : Monte no clasificado de Vilanova y Penasillas

Este: Monte no clasificado de Vilanova y Penasillas, y fincas particulares de los vecinos de Mouricios y de Laxe

Oeste: Monte vecinal en mano común de los vecinos de Mouricios y pista forestal.

5 ESTADO FORESTAL. APROVECHAMIENTOS

Las parcelas del monte se encuentran provistas de vegetación arbórea. El sotobosque está formado por especies de los géneros *Ulex*, *Ericas* y *Pteridium*. Existen también y como consecuencia de la diseminación por semilla pies aislados de *P. Pinaster* y *P. Radiata* . En cuanto a los aprovechamientos forestales que se realizan se hacen para uso propio.

Los aprovechamientos tradicionales de la zona fueron el pastoreo de toda clase de ganado. La roza de matorral y la roturación y siembra de especies propias de la agricultura de la zona.

Todos estos aprovechamientos fueron realizados en común por los vecinos.

6 ESTADO SOCIO-ECONÓMICO.

La parroquia de Laxe se encuentra bajo la influencia socio-económica del núcleo de Chantada, dentro de la comarca de Terra de Lemos y el núcleo más importante del suooeste de la provincia de Lugo. Economía diversa con fuerte componente del sector agrícola, sector mayoritario en la base económica local. Destaca el sector vinícola como el mas importantes en la zona.

7 CONCLUSIONES.

A la vista de todo lo anterior y considerando el tipo de aprovechamiento que en la realidad se realiza, se propone que se clasifique como monte vecinal en mano común el monte de las siguientes características:

Nombre: "FARO DE LAXE"

Pertenencia: Comunidad integrada por los vecinos de la parroquia de Laxe

Parroquia:Laxe


Término municipal:Chantada.

Superficie:12,50 ha.

Lugo, maio de 2006
El jefe de área

Fdo: Fernando Bengito Méndez-Núñez

4721500
4721000
4720500
4720000
4719500



 XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Delegación Provincial de Lugo Servizo de Montes e Industrias Forestais
	MONTE "FARO DE LAXE" PERTENZA: VEIÑOS DE SAN XOAN DE LAXE (PARROQUIA DE LAXE) CONCELLO: CHANTADA
Escala: 1:10000	Lugo, maio de 2008 OVENXEIRO DE MONTES: Fernando Rengifo Méndez-Núñez
 Límite MVMC Faro de Laxe Superficie 12.5 Ha	

592000 592500 593000



DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do vintetrés de xuño de dous mil dez, figura o acordo seguinte:


<< 4. Varios:

- e) Monte **FARO DE LAXE** (expediente 2/2006), pertencente aos veciños da parroquia de **SAN XOÁN DE LAXE**, no termo municipal de **CHANTADA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 27 de xuño de 2007 e Monte **FARO DE MOURICIOS** (expediente 30/80), pertencente aos veciños da parroquia de **MOURICIOS**, no termo municipal de **CHANTADA**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 5 de decembro de 1980. Con data 23 de decembro de 2009 tivo entrada escrito asinado por **D. JOSÉ RAMÓN RATÓN VARELA**, como presidente da xunta reitora de Laxe, e **D. JULIO PENAS JORGE**, como presidente da xunta reitora de Mouricios, dando traslado dun acordo de **deslinde de avinza** practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 3 de decembro de 2009, perante o Xulgado de 1ª instancia nº 1 de Chantada; xuntan acta do deslinde, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslinde ao Servizo de Montes, recíbese nota interior, con data 27 de abril de 2010, na que se especifican as modificacións da superficie que se producen como consecuencia da avinza, quedando o monte **FARO DE LAXE**, cunha superficie de **21 hectáreas, 58 áreas e 91 centiáreas**, e o monte **FARO DE MOURICIOS**, cunha superficie de **67 hectáreas, 94 áreas e 42 centiáreas**. Examinada a documentación referida, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aceptando o deslinde practicado, proceder ás oportunas modificacións nos expedientes, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co mesmo.

(...) >>


E para que conste, para a súa remisión a **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a vinteoito de xuño de dous mil dez.


Vº e Pr.
**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**




Ramón Carballo Páez.






XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Departamento Territorial de Lugo
 Servicio de Montes


XACOBEO 2010
 Galicia

CROQUIS MVMC FARO DE LAXE

0 175 350 700 1.050 1.400 m

Escala: 25.000

Nº plano: 3


 **LIÑA DA AVINZA**

 **MVMC Faro de Laxe**
 (21 ha, 58 a e 91 ca)

Avinza entre FARO DE LAXE e FARO DE MOURICIOS

- MONTES: "FARO DE LAXE (2/2006) e FARO DE MOURICIOS (30/80)
- PERTENZAS: C.C.M.M.V.V.M.C. San Xoán de Laxe e Mouricios
- PARROQUIA: San Xoán de Laxe e Mouricios
- CONCELLO: Chantada

DE GALICIA
 LUGO, 27 de abril de 2010
 O ENXENEIRO DE MONTES



Fernando Bengio Méndez-Núñez

4717000